



Concello de Cangas

SOLICITUDE DE PRAZA PARA AS ESCOLAS INFANTÍS

CHOUPANA E O HÍO

A documentación necesaria para formalizar a prescrición poderá presentarse ata o 31 de agosto no Concello de Cangas

Cangas, 31/07/2017

As escolas infantís Choupana e O Hío permanecerán pechadas durante este mes de agosto, tal e como se recolle no artigo 25.2 do Regulamento de Réxime Interno destes establecementos públicos que están xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Todas aquelas persoas que desexen presentar a súa solicitude de praza de novo ingreso para a baremación no proceso extraordinario de setembro poderán facelo no Concello de Cangas. Convén sinalar que o prazo rematará o 31 de agosto de 2017.

Os impresos e a documentación necesaria para a formalización da prescrición están dispoñibles nas seguintes webs: <https://sede.xunta.gal>, <http://politicassocial.xunta.gal> e <http://www.igualdadebenestar.org>.

Gabinete de Comunicación